



SAT CASA ROMÁN. CASTROVERDE (LUGO)



Erundina, Román e Daniel

Na sinxeleza está a clave

A simplificación de procesos e o traballo ben feito guían o día a día na gandería Casa Román. Acerca disto e doutros temas de interese falamos con Román, que con moita amabilidade exerceu de anfitrión o día da nosa visita e nos contou algúns dos seus segredos para que todo funcione correctamente.

Localización: Córneas, A Meda (Castroverde)
N.º total de animais: 275
Vacas en mudura: 140
Empregados: 2
Media de produción actual: 36 litros vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,60 % (media anual Ligal)
Porcentaxe de proteína: 3,22 % (media anual Ligal)
RCS: 130.000 cél/ml
Bacterioloxía: < 10.000 ufc/ml
ICO: 2.268
Cualificación morfolóxica: 79
Superficie agrícola: 65 ha
IPP: 390 días
Prezo do leite: 29 €/t + calidades + IVE

Casa Román é unha explotación familiar integrada por Daniel Torres, Erundina Labrada e o fillo de ambos, Román. Xuridicamente, trátase dunha SAT desde a incorporación deste último no ano 2003.

A súa orixe remóntase a mediados da década dos oitenta, cando Daniel toma a decisión de construír unha nave estabulada para vacas de leite, con capacidade para 45 animais e xa daquela sala de muxido de seis

puntos con medidores de liña alta. Despois de varias ampliacións e sucesivas melloras, o gran salto produciuse en 2014, cando estrearon o novo estable de produción.

O rabaño actual suma 140 vacas en lactación, arredor dunhas 15 secas e 120 animais de recría.

Na granxa traballan cinco persoas. “Temos dous empregados, un deles leva dous anos con nós e o outro empezou en setembro, xa que, como en moitas casas, non dispoñemos do tempo completo porque temos persoas maiores a cargo”, conta Román.

Cada un ten as súas tarefas establecidas. “Meu pai –explica– ocúpase de facer os carros e dos labores do campo. Os empregados moxen, arranxan cubículos, limpan a sala, alimentan a recría, destapan silos... Eu tamén colaboro nos muxidos, dedícome a tratar animais e a inseminar e levo os controis de reprodución, e miña nai axuda cos becerros e moxe cando libra algún dos demais”.

Os traballadores alternan os días para os descansos semanais e cada un deles ten un mes completo de vacacións. Non ocorre o mesmo cos propietarios, que libran cando poden. “Metemos agora o segundo empregado porque entre catro persoas non nos quedaba tempo libre e, ademais, para facer as cousas ben, tes que ter xente, se non ao final acábanse perdendo produción e carcos”, argumenta.

A súa filosofía de traballo consiste en simplificar os procesos ao máximo e non deixarse levar por todas as innovacións que continuamente xorden no sector: “Preferimos probar as cousas moi pouco a pouco; o principal é que as vacas estean ben coidadas porque é así cando máis rendibilidade se lles saca”, asegura.

PRODUCCIÓN E VENDA DO LEITE

Na memoria de Africor Lugo de 2017 recóllese unha produción media a 305 días de 11.805 kg de leite, cun 3,86 % de graxa e un 3,26 % de proteína. Non obstante, se temos en conta datos máis recentes teriamos que falar de 36 litros en tanque (setembro de 2018) cun 3,6 % de graxa e un 3,22 % de proteína, segundo as analíticas do Ligal.



Dispoñen dunha sala de 24 puntos de muxido traseiro



Dentro da nave nova contan cun espazo habilitado para vivenda dos empregados

Un dos índices que Román acha especialmente relevante para medir a rendibilidade da gandería é a produción vitalicia. Neste sentido, cómpre destacar a presenza no rabaño dunha vaca que ao remate da sétima lactación sumou 117.000 litros e nesta leva xa producidos outros 10.000. Na actualidade está inseminada, aínda que dubidan que volva parir.

Despois de moitos anos entregándolle o leite á multinacional Lactalis, desde hai uns meses véndenllo a Leite Río, que lles ofreceu un prezo mellor. A súa idea era entregarllo a Aira, da que son socios, pero nese momento a cooperativa non tiña capacidade para recollérlelo. Non obstante, confían en que a situación cambie cando empece a funcionar a torre de secado de Dairylac e poidan chegar a obter un valor engadido pola súa materia prima.

“Nós sempre fomos cooperativistas porque consideramos que estas estruturas sempre nos poden dar un prezo que está na media ou mellor que a media de mercado e, á parte,

se a cooperativa dá beneficios sempre che termina dando algún *rappel* ou incorporándoo ao teu capital social; ademais, os cartos que xeran estas empresas pódense investir en proxectos como o de Dairylac, no que está inmersa Aira e do que esperamos estar orgullosos no futuro”, manifesta.

SISTEMA ESTABULADO MELLOR QUE INTENSIVO

A Román non lle gusta falar de sistema intensivo, prefere chamalo sistema estabulado: “Á xente, se lle falas de intensivo, pensa que estamos explotando os animais e eu considero que as miñas vacas teñen un moi bo benestar e que están moi ben coidadas”.

Elaboran tres racións distintas no seu propio carro *unifeed*: a de vacas de produción, a de xovencas e a de vacas secas.

A ración de produción, que fan dúas veces ao día, está composta por 28 quilos de silo de millo, 8 de silo de herba e 13,5 de concentrado, o cal supón 23,8 kg de materia seca. Comenta Román que esta tempada as vacas están comendo algo menos do obxectivo –24,8 kg de MS– porque están consumindo un silo de segunda corta que non é o suficientemente bo, xa que a herba non se recolleu no momento adecuado. A este respecto, cre que “para ser bo gandeiro hai que ser tamén bo agricultor”.

No carro das secas mesturan cada segundo día palla e silo de herba, mentres que o penso llelo dan á man para obrigarse a ir velas todos os días e controlar se hai algunha enferma, coxa etc. “Se simplemente lles damos o carro non as vas ver e cando tes algunha enferma vai ser demasiado tarde”, afirma. »

EASY-COVERING COBERTIZOS

La solución fácil y económica para su cubierta



Si tiene algo que cubrir, consúltenos, quedará satisfecho.



Polígono Industrial de Somonte
C/Mº Glez "La Pondala" Nº 41
CP 33393 Gijón Asturias
Tlfn: + 34 985 303 752
Info@easy-covering.com

www.easy-covering.com



► “OS CARTOS QUE XERAN AS COOPERATIVAS PÓDENSE INVESTIR EN PROXECTOS COMO O DE DAIRYLAC, NO QUE ESTÁ INMERSA AIRA E DO QUE ESPERAMOS ESTAR ORGULLOSOS NO FUTURO”

Coas xovencas a partir dos seis meses seguen o mesmo proceso. No carro mesturan diariamente 1.400 quilos de silo de herba, 100 de herba seca, 100 de palla e 140 de penso. A maiores, en función da idade, vanlles subministrando máis penso de forma manual pola mesma razón de ir xunto a elas á mañá e á tarde e controlar celos, posibles enfermidades etc. Unha semana antes do parto pasan a comer a ración das vacas de leite, ao igual que as secas.

O custo da ración de produción é de 5,4 €/día. “Nas épocas nas que o prezo do leite estivo máis baixo aquí non se cambiou absolutamente nada. Eu penso que tes que facer sempre unha ración o máis rendible posible, e non porque o leite valla menos tes que cambiar cousas, xa que intentar aforrar é, moitas veces, perder cartos. Non podes cambiar a ración e logo reducir índices de fertilidade, reprodutivos... Se baixas iso vas perder cartos a longo prazo fixo”, reflexiona.



LUMINOSIDADE E VENTILACIÓN

Mellorar o benestar dos animais. Esa foi a razón principal que os motivou a construír un establo novo. “Eu quería unha nave alta, con moita luz e moita ventilación para que non houbo problemas de estrés por calor, que era unha das dificultades que tiñamos antes e non quería cometer ese fallo agora; ademais, queríamos que o manexo fose o máis cómodo posible”, conta.

Con estas premisas, e despois de visitar unhas cantas explotacións por toda Galicia, de cuxas instalacións quedaron gratamente sorprendidos, decidíronse por unha estrutura de ferro que favorece a luminosidade, corredores de alimen-

tación laterais, cubículos cola con cola e sala frontal. A edificación está pensada para poder dobrarse, quedando os corredores que hoxe son externos como centrais.

Entre os seus plans a medio prazo está o de poñer placas solares para autoconsumo. En canto a aforro enerxético, si contan cun variador de frecuencia no motor da sala e teñen un recuperador de calor no tanque, co que quentan a auga para lavar a sala e o tanque por dentro, aínda que botan man dun termo eléctrico para acabar de subirlle a temperatura. Posteriormente, esa auga recíclana para lavar a sala de muxido por fóra e a sala de espera, aínda que non lles é suficiente. ►►



Contan con tres parideiras comunitarias



Os xatiños están en boxes na nave nova ata que se van arredor dos 15 días



Os boxes da recría téñenos no que era a sala antiga

► ROMÁN CRE QUE "PARA SER BO GANDEIRO HAI QUE SER TAMÉN BO AGRICULTOR"

Teñen dúas fosas de xurro, unha de vaso único de 2.500.000 litros e outra de 1.200.000 litros dividida en dúas partes. Ambas están cubertas e o porqué dánolo Román: "Penso que é un grande investimento ter unha fosa cuberta da auga da chuvia para poder xestionar ben os xurros, porque non creo que estea moi ben estar quitándoo no inverno nin gastando cartos en tiralo pola finca para que vaia polo rego abaixo".

ORGANIZACIÓN DO GANDO E BENESTAR

As vacas de leite están na nave nova divididas en dous lotes: as primíparas, por unha banda, e as adultas mais as que tiveron algún problema de saúde, como unha mamite, por exemplo, por outra. As secas tamén as teñen aquí noutro grupo específico.

Para tratar animais, inseminar e ter controlados os de posparto e aqueles que están delicados contan cunha área de enfermería, á que tamén acceden mediante unha porta de selección desde a sala de muxido.

Nesta nave tamén dispoñen duns cantos boxes para os acabados de nacer (3-4 días); os machos quedan neles ata que se marchan da granxa entre os 15 e os 20 días.

No establo vello teñen a recría. As xatas pequenas permanecen en boxes individuais ata a desteta "que lles fan aos dous meses, sempre e cando acadaran o tamaño adecuado". Durante ese período inxiren primeiro o calostro e logo leite en po e un penso stárter.

Desde a desteta ata os catro meses alóxanas nas antigas parideiras en lotes comunitarios. "Puxémoslles goma por abaixo e botámoslles serraduras por enriba. Non é o ideal, mellor estarían en cama quente, pero teríamos que facer obra e non sería fácil, entón adaptámonos. Podería ser un proxecto futuro, pero cada cousa ten que chegar no seu momento idóneo. Non obstante, tampouco o facemos tan mal, xa que temos unha media ao primeiro parto de 23,4 meses", testemuña.

A partir desa idade téñenas en cubículos adaptados ao seu tamaño e van pasando por varios grupos segundo a presión das que veñen detrás. Dos 8 aos 14 meses, aproximadamente, agrúpanas noutros tres lotes con acceso a unha finca onde poden facer exercicio e, desde que lles diagnostican a preñez, pasan a outro grupo xa sen saída ao exterior.

Unha semana antes do parto trasládanas a unha das tres parideiras comunitarias que teñen no establo novo. As parideiras son de cama quente con arrobadeira por diante. En canto ao manexo, quitan as feces á mañá e á tarde e éstranas de forma manual, porque así dúralles moito máis tempo a cama. A maiores, límpnanas totalmente tres ou catro veces ao ano. ►►

As xatas dos 8 aos 14 meses teñen acceso ao exterior



As vacas de produción dormen en cubículos de serraduras e carbonato



Tratan a auga con peróxido para previr enfermidades

► SE A ALGO LLE DAN IMPORTANCIA NESTA GANDERÍA CASTROVERDENSE É Á LIMPEZA E AO BENESTAR

As vacas de produción dormen en cubículos de serraduras con carbonato. Límpanos en profundidade dúas veces ao día, durante os muxidos, e, a maiores, á media mañá vólvenlles dar unha pasada máis superficial; o enchido fano unha vez á semana. “Manexando ben esta cama, os problemas de mamites poucos máis poden ser que con cama de area”, asevera.

Os cubículos das xovencas son de colchoneta. Límpanos dúas veces ao día e bótanlles serraduras por enriba para secar, xa que ás veces, sobre todo as máis pequenas, defecan enriba.

Se a algo lle dan importancia nesta gandería castroverdense é á limpeza e ao benestar. “A comida que inxiren as vacas ten que estar boa, cuns silos de moita calidade; tes que ter unhas boas camas, ben limpas para que os animais non enfermen e non se manquen cos ferros; os bebedoiros lavámoslos unha

vez ao día e a auga está tratada con peróxido; temos uns patios amplos para que as vacas poidan circular sen que se enfronten entre elas; as limpezaas pasan seis veces ao día para que os cascos non estean nunca moi mollados; facemos a revisión de podoloxía cada seis meses e, se hai algunha coxa, chámase ao podólogo rapidamente; e facemos un bo muxido, cunhas pautas correctas, para que non collan mamites”, detalla.

O muxido fano dúas veces ao día nunha sala de 24 puntos de saída traseira. Cando fixeron a nave nova decantáronse por sala e non por robot porque a sala ten máis capacidade en caso de querer aumentar. Ademais, Román estima que con dous muxidos xa se obteñen unhas “produccións interesantes” e, no caso de querer incrementalas, cre que con tres muxidos se saca máis produción que co robot.

MANEXO SANITARIO

Non teñen pensado facer secado selectivo ata que o teñan que implantar de maneira obrigatoria, se se chega a dar esa circunstancia. “Cando unha cousa funciona ben non a cambio e non teño claro que se vaia aforrar moito antibiótico co secado selectivo, porque teño medo a que despois vaia haber máis casos clínicos de mamites e, se as teño que tratar despois, non ten sentido que non as trate antes”, explica. “O esencial –engade–, se non queres ter mamites, é facer as cousas ben, xa que moitas delas están derivadas de problemas de alimentación e de auga. Eu recordo que aquí se mellorara moito cando se empezara a tratar a auga con peróxido”.

Román coida que se está esaxerando moito o tema dos antibióticos, pero puntualiza: “Hoxe faise moita prevención e aquí na granxa estou seguro de que se utilizan moitos menos antibióticos que hai anos”.

Casa Román está integrada nunha ADSG e vacinan contra IBR, BVD, rotavirus, coronavirus e *E. coli*. Neste sentido, ratifica que “todas as vacinas son boas, pero se o manexo é malo non valen para nada”.

APOSTA POLA SUPERFICIE AGRÍCOLA

“Ter base territorial é moi importante e sempre que tivemos algunha oportunidade de adquirir terras, adquirímolas”, afirma o gandeiro lucense. Na actualidade dispoñen dun total de 65 hectáreas –4 arrendadas, 19 dun monte comunal e o resto en propiedade–. Aínda así, recoñecen que con algo máis de superficie e mellor estruturada poderían facer máis rotacións entre millo e herba.

Así, o que fan é aproveitar as fincas máis grandes e máis boas para o millo en rotación con herba –unhas 35 hectáreas–, mentres que nas máis pequenas, nas que sementan pradeira plurianual, botan millo o ano que lles toca renova-las e logo volven sementar herba para outros catro anos. Á parte, contan con outras 19 ha de pasteiro permanente.

Cando visitamos a explotación, a finais de setembro, estaban empezando a ensilar unha pequena parte do millo que sementaran máis cedo. Fan silo de toda a planta, aínda que Román asegura que se tivesen máis superficie dispoñible tamén farían algo de *pastone*. A produción media que obteñen é de 40 t/ha.

Empregan podómetros para a detección dos celos



Daniel estaba sacando xurro o día da nosa visita



Os traballos agrícolas confíanllos principalmente a Aira. Eles só se encargan de sacar unha parte do xurro e axudan a segar e a fileirar a herba.

REPRODUCCIÓN E XENÉTICA

O crecemento desta gandería ao longo do tempo foi paulatino e sempre con base na recría. Só cando se trasladaron ás novas instalacións mercaron 25 vacas, a maioría procedentes de Francia. Polo de agora, os animais que naceron na explotación quedaron nela para ir enchendo a nave, pero a súa previsión é a de empezar a vender xovencas preñadas a partir do ano que vén.

Outro aspecto que Román considera fundamental é a informatización da sala de muxido e a recollida de datos para tomar decisións informadas e resolver os problemas dunha forma máis obxectiva e razoada.

“O veterinario de reprodución mira os animais que nos saca o meu

programa cos protocolos que temos estipulados. Miramos todas as vacas a partir dos cinco días despois do parto e, se hai algún problema, o veterinario séguelas revisando semanalmente ata que lles dá a alta. A partir dos 65 días inseminamos. Nunca inxectamos os animais para sacalos en celo antes dos cen días; non nos gusta inxectar, por iso utilizamos podómetros para complementar o celo visto porque de día se ven ben, pero de noite hai moitos que se nos escaparían. O diagnóstico de xestación facémolo a partir dos 28 días, confirmámolo aos 60 e logo míranse outra vez aos 200 días de preñez”, explica.

En continuidade coa liña de simplificación que impera na granxa, non empregan o implante de embrións nin tampouco semente sexado, xa que a recría lles resulta suficiente. “Aquí cousas sinxelas, sen grandes novidades, non nos complicamos a vida”, reitera.

► NON TEÑEN PENSADO FACER SECADO SELECTIVO ATA QUE O TEÑAN QUE IMPLANTAR DE MANEIRA OBRIGATORIA

As xovencas practícanlles a primeira inseminación ao redor dos 13 meses e a media de doses de semente por preñez é de 1,53, cunha taxa de concepción á primeira IA do 63 %. No caso das vacas, a media de doses ascende a 2 e a taxa de concepción á primeira IA é do 55 %. O intervalo entre partos é de 390 días e a media vitalicia de partos, de 3,2.

No ámbito xenético buscan animais funcionais, principalmente con bos ubres e boas patas, e para planificar os apareamentos traballan co programa informático de Africor Lugo. Román reúnese unha vez ao ano co técnico Fernando Rego e entre ambos acordan os sementais que van usar esa tempada, sempre coa premisa de que non sexan moitos. Compran algún probado –por exemplo, neste momento están usando Kingboy e Alta Spring–, aínda que a maioría son xenómicos –actualmente San Xurxo, Horizon, Lugo...–. Ao respecto dos xenómicos, puntualiza: “Nunca utilizo touros que acaban de saír, porque teñen un prezo moi elevado e, se non te dedicas á xenética, non penso que sexa rendible pagar eses cartos por un touro que vas ter vinte euros máis barato en seis meses”.

O FUTURO

O optimismo por bandeira. Así se podería definir a actitude deste mozo gandeiro ante o futuro do sector: “Ao final o prezo terminará subindo e facendo as cousas ben pódese vivir dignamente de facer leite”. Porén, precisa que oxalá pronto as industrias se decidan a transformar o leite aquí e non o envasen unicamente como leite líquido, deixando os gandeiros galegos sen practicamente nada de valor engadido”. Esperemos que os movementos cooperativos iniciados nos últimos anos empecen a dar os seus froitos e que os desexos de Román se cumpran polo ben del e de todos os produtores que conforman o sector lácteo galego. ■